

Mobiliario urbano



Teresa Rey

Funcionaria

BRISTOL RECORDA moito a Oporto no terreo xeográfico. Cidade con moitas costas que van baixando cara o río, cara o porto. As veces teñen dúbidas si te atopas nunha ou outra pois os muelles e as velas naves de mercaderías, convertidas algúns delas en galerías de arte, restaurantes e bares, seméllanse moito.

Na parte baixa atópase tamén a cidade vella, a catedral, a universidade...

Redlan é un dos barrios que están no cumio e dende el pódese baixar cara a cidade por dúas avenidas, ben a través da avenida das Damas Brancas, polas que só elas podían pasear nas súas carruaxes ou ben por Cambroke road, amáis doutras

ruas pequeneiras.

Ámbalas dúas teñen construcións non moi altas, comercios na meirande parte das Damas Brancas e vivendas unifamiliares, co seu pequeno xardín e mirador con cristais emplomados na outra.

Subir a Redlan é unha paseata de certa envergadura e podes chegar sen folgos.

Facia sol e nos xardíns loían flores de abondo, camelias, xacintos trompóns marelos e brancos, romero, lavanda... Na metade da subida, xusto nunha esquina, sorprendía un banco de madeira de teca, de tres prazas, atornillado o cemento da beirarda e con dúas patas máis longas cas outras para facer fronte o desnivel que a

Subir a Redlan é unha paseata de certa envergadura e podes chegar sen folgos

Calquer posibilidade tería sido posible, mais a realidade é que xa non estaba, morrera

rúa tiña. No respaldo unha plaquinha de bronce dicía "en memoria de J.H. que facía sempre este percorrido nos seus paseos".

Foi sorprendente aquel recordo, é de supoñer que da súa familia ou de calquera asociación das moitas que nese

país existen en lembranza de un dos seus membros.


Poñerían o banco vendo o moito que se cansaba ao subir as costas de Crambroke Rd ou xusto naquela esquina tiñase que parar a coller aire e repou-sar un rato?

Mirando ben había un muro pequeno dunha casa no que ante una emerxencia podería terse sentado e acougar mentres saudaba os veciños que seguían camiñando. Calquer posibilidade tería sido posible, mais a realidade é que xa non estaba, morrera, e algún que o quería e desexaba non fora esquencido financiou un banco e o puxo atinadamente nun cruce do barrio de Redlan ao que se chega sen folgos.

42 TENDENCIAS

EL CORREO GALLEGO

JUEVES
17 DE MAYO DE 2012



La ganadora del Príncipe de Asturias Nussbaum. Foto: Efe

Nussbaum, Príncipe de Ciencias Sociales por su ética del desarrollo

Es una de las voces más notorias y con más repercusión de la filosofía de hoy día

Oviedo. La filósofa estadounidense Martha Nussbaum, considerada una de las voces más innovadoras e influyentes de la filosofía actual, obtuvo ayer el Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociales 2012 por su contribución a las humanidades, a la filosofía del derecho y de la política y su concepción ética del desarrollo económico.

Nussbaum se convirtió así en la segunda mujer que consigue este galardón, ya que en los 32 años de los Premios Príncipe de Asturias solo lo había obtenido en 2006 la expresidenta irlandesa Mary Robinson.

El jurado destacó de esta neoyorquina de 65 años que es una profunda conocedora del pensamiento griego y una de las voces más innovadoras e influyentes de la filosofía actual que pregona una concepción universal de la dignidad humana y de los derechos de la mujer para superar los límites del relativismo cultural.

El acta del jurado, a la que dio lectura ayer al mediodía en Oviedo su presidente, el exministro Aurelio Menéndez, refleja además que las teorías de esta pensadora se basan en el convencimiento de que quienes entienden de distinta manera lo que es el bien "pueden ponerse de acuerdo sobre principios éticos universales, aplicables allí donde se dé una situación de injusticia o discriminación".

Esta dimensión ética está presente en toda la obra de Nussbaum, que se impuso en las últimas votaciones al sociólogo español Manuel Castells y al demógrafo italiano Massimo Livi-Bacci. Nada más hacerse público el fallo, Nussbaum hizo pública una declaración en la que aseguraba sentirse "emocionada y profundamente honrada" de recibir "este prestigioso e importante premio". "Supone reconocer que el trabajo sobre temas filosóficos tan abstractos como la justicia social, el desarrollo humano y la naturaleza de las emociones puede contribuir a la creación de un mundo más humano". EFE

Alcalá presidirá o xurado do premio de Narrativa Repsol

Chega a súa sexta edición, cumprindo de forma brillante o obxectivo de apoiar o desenvolvemento da literatura en galego

REDACCIÓN
Santiago

Onte tivo lugar a constitución do xurado do VI Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega. Previamente, no pasado 23 de marzo asinou na sede da Real Academia Galega, un convenio entre a Fundación Repsol e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o desenvolvemento e convocatoria desta sexta edición.

O Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega, que a Fundación Repsol vertebrará desde 2010, foi creado no 2006 pola Refinería de Repsol na Coruña, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. E dende o seu inicio, conta co apoio da Real Academia Galega e da Asociación de Escritores en Lingua galega, así como coa estreita colaboración da Editorial Galaxia, que editou as anteriores obras gañadoras.

O Premio de Narrativa Breve Repsol chega á súa sexta edición, cumprindo de forma brillante o obxectivo de apoiar o desenvolvemento da literatura en lingua galega coa publicación das obras gañadoras. A obra premiada será publicada Galaxia.

O xurado está composto por prestixiosas personalidades e condecorados das letras galegas, cada unha das cales foi nomeada por unha institución: nomeado pola Fundación Repsol: Xavier Alcalá Navarro, divulgador, profesor, tradutor e escritor, experto en telema-



Pola esquerda, o conselleiro Jesús Vázquez, e o presidente da RAG, Méndez Ferrín. Foto: ECG

A dotación do galardón é de 9.000 euros e a obra será publicada en Galaxia

Os autores enviarán as novelas curtas á Refinería Repsol antes do 20 de xullo

tica, medios de comunicación e multimedia sobre os que escribiu innumerables artigos e é autor de narrativa breve, novela, ensaio e libros de viaxes, ademais de colaborador de EL CORREO GALLEGO. Dolores Vilavedra, nomeada por la Secretaría Xeral de Política Lingüística, profesora da

literatura galega na USC, tradutora e coordinadora e autora de diferentes publicacións literarias galegas. A Real Academia Galega elixiu a Dario Xohán Cabana Yanes, académico da RAG e un recoñecido poeta e escritor con obras tan coñecidas como *Galván en Saor*, ademais de tradutor. Nomeada por la Asociación de Escritores en Lingua Galega: María Canosa Blanco, xove escritora, poeta e escritora de artigos con numerosos galardóns tanto polos seus contos como pola súa obra poética. E Carlos González de Lema, elixido pola Editorial Galaxia. É director de Edicións da propia editorial.

A decisión do xurado será inapelable e farase publi-

ca en setembro e a entrega terá lugar antes de rematar o ano na Coruña.

O PREMIO. Está dotado con nove mil euros e poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior, cunha novela curta escrita en lingua galega, conforme á normativa establecida pola Real Academia Galega. As novelas orixinais e inéditas teñen que ter unha extensión mínima de 50 folios e máxima de 120 e deberanse enviar á Refinería de Repsol na Coruña antes do 20 de xullo de 2012.

O último premio foi para a obra *Microbios e outros paquidermos*, de Díaz-Castrotroverde.